

ESTATUTOS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.

CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1º.-Constitución.

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto aos municipios galegos de (enumerar os municipios que forman parte inicialmente) , de conformidade coa Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, téñense constituído voluntariamente, por vía convencional, en consorcio para a xestión integral dos servizos sociais de ámbito local en Galicia (centros de prestación de servizos sociais de atención primaria e especializados de ámbito local) e, con atención especial á xestión integral das escolas infantís, con sometemento directo ao disposto nestes estatutos, ao protocolo de colaboración asinado o 24 de abril de 2006, entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a FEGAMP, ao convenio concreto de entrada de cada municipio no consorcio, e ás disposicións de carácter xeral que lle sexan aplicables e teñan carácter imperativo.

Poderán incorporarse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar aqueles novos municipios que o soliciten, con sometemento ao procedemento e requisitos establecidos nestes estatutos e nos regulamentos de réxime interior que puidesen ditarse no desenvolvemento dos mesmos, sen prexuízo das condicións particulares que, en cada caso, a entidade entrante e os órganos do consorcio puidesen acordar.

Artigo 2º.-Denominación e sede.

O ente así constituído denominarase Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e terá a súa sede principal na cidade de Santiago de Compostela.

O cambio de sede será autorizado pola assemblea xeral, sen necesidade de modificar os presentes estatutos, bastando a súa publicación nos boletíns pertinentes.

Artigo 3º.-Personalidade e capacidade xurídica.

1. O Consorcio terá a condición de entidade de dereito público, de carácter interadministrativo, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e disporá dun patrimonio propio.

2. O Consorcio, que ten carácter voluntario, constitúese por tempo indefinido, e rexeráse por estes estatutos, polo seu regulamento de réxime interno e polas disposicións legais de carácter xeral que lle sexan de aplicación.

Artigo 4º.-Potestades administrativas.

Para o cumprimento dos seus fins, correspónden ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar as potestades administrativas seguintes:

1. Potestade de autoorganización.
2. Potestade financeira e potestade de fixación de prezos públicos.
3. Potestade de programación ou planificación.
4. Potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos.
5. Facultade de ser beneficiarios da expropiación forzosa en relación coas obras e actuacións necesarias para o cumprimento dos seus fins.
6. Potestade de execución forzosa.
7. Potestade disciplinaria.

Artigo 5º.-Vixencia.

A duración do consorcio, dado o carácter permanente dos fins que motivan a súa constitución, será indefinida, sen prexuízo da súa eventual disolución, de conformidade coas razóns e procedemento que se establece nos presentes estatutos.

CAPÍTULO II

FINS E COMPETENCIAS DO CONSORCIO.

Artigo 6º.-Fins xerais.

O consorcio ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión integral dos servizos sociais de ámbito local (centros de prestación de servizos sociais de atención primaria e especializados de ámbito local), con especial atención na xestión integral das escolas infantís e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións, e no ámbito territorial dos municipios que o compoñen, co obxecto de:

- a) Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente, que contribúa a reforzar a igualdade de oportunidades na utilización da rede social de atención.

b) Incrementar de xeito notable a cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións.

c) Contribuír á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social nos concellos galegos, ao respecto da súa autonomía persoal, e calidade de vida persoal, familiar e de grupo. Na mesma liña, prestarase especial atención ás familias que asumen tarefas de atención e coidado.

d) Proceder a unha efectiva distribución dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu entorno propio.

Ademais, o Consorcio poderá realizar cantas actividades complementarias ou derivadas reforcen a eficacia no cumprimento dos seus fins xerais.

Artigo 7º.-Competencias.

No cumprimento dos seus fins o consorcio exercerá, en todo caso, as seguintes competencias específicas:

a) O estudo das necesidades básicas en materia de servizos sociais de atención en todos os municipios consorciados e a elaboración de cantos plans e proxectos se estimen oportunos para satisfacer as ditas necesidades, así como a investigación e formación do persoal na dita materia.

b) O establecemento de directrices xerais de cara á prestación dos servizos por parte dos concellos integrantes do consorcio, en materia de ordenación da atención primaria e especializada e, en especial, na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos, en todos aqueles extremos que sexan necesarios para asegurar a calidade e a eficiencia na prestación dos servizos sociais asumidos.

c) A participación na definición dos criterios xerais que orienten as políticas de benestar social, especialmente aquelas obxecto do plan concertado, ou calquera outro mecanismo de planificación pública.

d) A determinación e/ou execución, en colaboración cos concellos, se é o caso, das obras de construción, mellora, reforma ou adaptación de instalacións que poidan ser necesarias para a prestación dos servizos.

e) O seguimento, avaliación e control dos centros nos que se presten os servizos.

f) A coordinación e a colaboración con outras administracións en todo o relativo á finalidade principal do Consorcio.

g) Todas aquelas competencias que se lle confiran legalmente.

h) As competencias delegadas por outras administracións, previo acordo de aceptación.

i) A prestación daqueles outros servizos que resulten necesarios para acadar os fins do consorcio, sempre que os entes consorciados o acorden así expresamente.

Artigo 8º.-Xestión dos centros.

A administración directa dos centros será exercida polos concellos integrantes do consorcio que así o soliciten, e sempre de acordo as directrices xerais emanadas do consorcio.

CAPÍTULO III.

ÓRGANOS REITORES DO CONSORCIO.

Artigo 9º.-Órganos de goberno.

O Consorcio estará representado e administrado polos seguintes órganos:

- A. Asemblea xeral/pleno.
- B. Comité directivo.
- C. Xerente.
- D. Presidente.
- E. Vicepresidente.

Artigo 10º.-Asemblea xeral/pleno.

Na asemblea xeral estarán representadas todas as entidades consorciadas.

Cada municipio terá o seu propio representante na asemblea xeral, e contará cos seguintes votos:.

* Municipios da ata 10.000 habitantes	1 voto.
* Municipios de 10.001 a 25.000 habitantes	2 votos.
* Municipios de 25.001 a 50.000 habitantes	3 votos.
* Municipios de máis de 50.000 habitantes	4 votos.

Os concellos consorciados designarán e cesarán os seus representantes de entre os seus membros corporativos. O período de duración de tales cargos farase coincidir co do seu mandato nas corporacións locais.

A Xunta de Galicia estará representada na asemblea xeral por seis representantes.

Os votos correspondentes á representación municipal na asemblea xeral representarán o 49% do total de votos existente, correspondendo sempre o 51% restante aos representantes da Xunta de Galicia.

Pola súa vez, a distribución dos votos adjudicados á Xunta de Galicia, efectuarase entre os representantes da Xunta de Galicia na asemblea xeral da seguinte maneira:

- * 50% Presidente do consorcio.
- * 10% Representante da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- * 10% Representante da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- * 10% Representante da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- * 10% Representante da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- * 10% Representante da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Tendo en conta que o número de votos dos representantes municipais pode variar ao longo do tempo, un mes antes da celebración da asemblea, o/a xerente do consorcio realizará os debidos cálculos numéricos para certificar os votos de que dispón cada representante municipal, e os votos totais da suma de representantes municipais, para, a continuación, de acordo con estes cálculos, establecer os votos correspondentes aos membros da Xunta de Galicia, e a súa distribución entre eles.

O/a xerente do consorcio, xunto coa convocatoria da asemblea, fará chegar a cada membro da asemblea xeral unha certificación coa relación de representantes e os votos que na asemblea xeral disporá cada membro da asemblea.

As entidades representadas poderán cesar os seus representantes, designando a súa substitución, así como nomear a representación cando esta se atope vacante por calquera causa. Nestes supostos, o mandato do novo/a representante será polo prazo que reste ao inicialmente designado.

Cando un membro do consorcio, previo cumprimento dos trámites legalmente establecidos, se separe deste, os seus representantes quedarán automaticamente excluídos/as da asemblea xeral e demais órganos do mesmo.

Artigo 11º.-Renovación dos representantes das entidades consorciadas.

Tras a renovación dos órganos de goberno de calquera das entidades consorciadas, estas deberán remitir ao consorcio, nos quince días seguintes ao da súa constitución, certificado acreditativo do nomeamento dos seus representantes.

Artigo 12º.-Comité directivo.

Estará integrado polo presidente do consorcio, o vicepresidente, e outros sete membros, todos eles elixidos entre as/os representantes dos entes consorciados na asemblea xeral. A elección destes sete membros efectuarase do seguinte xeito:

-Formarán parte do comité directivo catro representantes da Xunta de Galicia, nomeados polo presidente do consorcio de entre as/os representantes da Xunta de Galicia na asemblea xeral.

-Os tres membros restantes serán nomeados de entre as/os membros da asemblea xeral en representación dos municipios consorciados.

Para as votacións no seo do comité directivo, o presidente, o vicepresidente e as/os demais membros disporán, cada un/ha deles, de voz e un voto. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Así mesmo, a/o xerente tomará parte nas xuntanzas do comité directivo, pero non terá voz nin voto.

Artigo 13º.-Presidente.

O cargo de presidente do consorcio, que o será tamén da asemblea xeral e do comité directivo, será exercido polo vicepresidente ou vicepresidenta da Igualdade e do Benestar, ou, se é o caso, polo/a responsable do departamento da Xunta de Galicia que asuma as súas competencias.

Artigo 14º.-Vicepresidente.

O vicepresidente/a do consorcio será nomeado pola Xunta de Galicia, a proposta do/da titular da Vicepresidencia da Igualdade e do benestar, ou do correspondente departamento da Xunta de Galicia que asuma as súas competencias, de acordo coa proposta efectuada pola representación dos concellos.

O vicepresidente/a, con voz e voto na asemblea xeral e no comité directivo, substituirá o presidente en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 15º.-Xerente.

1. O xerente é un órgano unipersonal designado polo presidente do consorcio, de entre profesionais de acreditada cualificación.

2. Correspóndelle ao/á xerente a dirección dos servizos do Consorcio, baixo a supervisión e superior autoridade do comité directivo e do presidente.

3. As súas retribucións serán as establecidas polo comité directivo ao aprobar o correspondente contrato de traballo.

CAPÍTULO IV COMPETENCIA FUNCIONAL.

Artigo 16º.-Competencias da asemblea xeral.

Corresponden á asemblea xeral as seguintes atribucións:

1. A aprobación do orzamento e das súas bases de execución, así como da súa conta xeral.
2. O control e fiscalización dos órganos de goberno.
3. A modificación dos estatutos.
4. A disolución do consorcio.
5. A modificación ou revisión dos plans e programas de investimento do consorcio.
6. A delegación das súas atribucións no comité directivo, presidente ou xerente.
7. Calquera outra función que se atribúa de xeito expreso á asemblea xeral nos estatutos.

Artigo 17º.-Competencias do comité directivo.

Será competencia do comité directivo do consorcio:

1. A elaboración e aprobación das directrices, plans e programas de actuación que constitúen a finalidade do consorcio, e a súa presentación á asemblea xeral.
2. O desenvolvemento e execución destas directrices, plans e programas.
3. O establecemento das condicións de incorporación de novos municipios.
4. Aprobar a integración de novos municipios no consorcio e, nos casos de separación dos xa incorporados, aprobar a liquidación e condicións da mesma.
5. A elaboración de instrucións xerais de réxime interno.
6. A elevación á asemblea xeral de calquera proposta de modificación de estatutos.
7. O desenvolvemento da xestión económica de acordo aos orzamentos aprobados e as súas bases de execución.
8. A aprobación da organización xeral dos servizos e da estrutura de persoal, previo informe, en todo caso, do xerente.
9. A presentación á asemblea xeral dos plans e programas de investimento do consorcio e a súa posterior execución.
10. A aprobación de cantas competencias sexan atribuídas ou delegadas ao consorcio por outras administracións.
11. A adopción de cantos acordos estime oportunos para o exercicio das accións xudiciais e administrativas ante órganos, xulgados e tribunais de calquera clase e xurisdición, e para dispoñer a defensa do consorcio nos que se promovesen contra el, outorgando para o efecto para os poderes que fosen necesarios e designando

avogadas/os e procuradoras/es, sen prexuízo das facultades do presidente en caso de urxencia.

12. A contratación e concesión de obras, servizos e subministros .

13. A adquisición e alleamento de bens e dereitos e a transacción sobre os mesmos.

14. A autorización de gastos con suxeición ás bases de execución do orzamento.

15. O exercicio de cantas atribucións lle deleguen a asemblea xeral e o presidente.

16. O exercicio das competencias do consorcio que non estean expresamente reservadas nestes estatutos á asemblea xeral ou ao presidente.

do
da
17. O establecemento das bases para a selección do persoal, así como a aprobación do cadro de persoal, as súas modificacións, a relación de postos de traballo, e a fixación contía das retribucións.

18. A contratación do persoal, así como a incoación e resolución dos expedientes disciplinarios naqueles supostos en que fose procedente.

19. A delegación das súas atribucións no presidente ou no xerente.

Artigo 18º.-Competencias do presidente.

O presidente exercerá as seguintes atribucións:

1. Representar o consorcio en toda clase de negocios xurídicos e ante organismos públicos ou privados, con facultade para conferir mandatos, delegar e outorgar poderes.

2. Convocar, presidir, suspender e levantar as sesións de todos os órganos colexiados, con capacidade para decidir os empates a través de voto de calidade.

3. Exercer accións xudiciais e administrativas, así como as actuacións precisas para a defensa nos procedementos incoados contra o consorcio en caso de urxencia, outorgando para o efecto os poderes que fosen necesarios e designando avogadas/os e procuradoras/es.

4. Adoptar persoalmente e baixo a súa responsabilidade, en caso de urxencia inaprazable, as medidas que xulgue necesarias, dando conta ao órgano competente.

5. Exercer a superior dirección do persoal ao servizo do consorcio.

6. Nomear e cesar ao xerente do Consorcio

7. Nomear e cesar o persoal eventual que desempeñe postos de traballo considerados de confianza ou asesoramento especial.

8. O presidente poderá delegar noutros órganos do consorcio o exercicio das súas funcións.

Artigo 19º.-Competencias do vicepresidente.

O vicepresidente/a é membro de pleno dereito do comité directivo e da asemblea xeral do consorcio. Ademais, substitúe o presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 20º.-Competencias do xerente.

O xerente asumirá as seguintes funcións:

1. Dirixir os servizos do consorcio, ostentando a súa xefatura, de acordo coas directrices emitidas polo presidente do consorcio e/ou polo comité directivo.
2. Propoñer ao comité directivo e ao presidente cantas medidas considere convenientes en orde ao funcionamento do consorcio e ao axeitado cumprimento dos seus fins.
3. Executar os acordos e resolucións dos distintos órganos do consorcio e asumir as funcións que estes lle deleguen expresamente.
4. Ordenar os pagos correspondentes con suxeición ás bases de execución do orzamento.
5. Preparar os asuntos e documentos que deban ser sometidos a estudo, coñecemento, despacho e aprobación dos órganos do consorcio.
6. Asistir ás sesións e reunións dos órganos do consorcio.
7. Expedir a documentación e coidar de que se leven os rexistros e estatísticas das operacións e servizos realizados.
8. Elevar ao comité directivo, ao termo de cada exercicio, a memoria comprensiva do desenvolvemento da xestión do consorcio.
9. Publicar, executar e facer cumprir os acordos do consorcio, así como velar pola adecuada execución das obras e servizos propios deste.
10. Dispoñer gastos dentro dos límites que se establezan nas bases de execución do orzamento, ordenar pagamentos e render contas.
11. Redactar, en exercicio das funcións de secretaria do consorcio, as actas das sesións dos órganos colexiados, expedir as certificacións a que se refire o artigo 10º destes estatutos e demais funcións establecidas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
12. Aquelas outras atribucións que se lle encomenden.

CAPÍTULO V

FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

Artigo 21º.-Lugar de celebración das sesións.

As sesións da asemblea xeral e do comité directivo, tanto ordinarias como extraordinarias, celebraranse na sede do consorcio ou no lugar que o seu presidente designe.

Artigo 22º.-Periodicidade das sesións.

A asemblea xeral celebrará sesión ordinaria cada seis meses, e extraordinaria cando así o decidan o presidente, o comité directivo ou un número de membros que represente, como mínimo, máis da terceira parte dos votos da asemblea xeral. Igualmente, a representación das entidades locais na asemblea xeral poderá, de forma autónoma, solicitar

a convocatoria de sesión extraordinaria, cando así o decida a maioría absoluta no número total de votos correspondentes aos representantes municipais na assemblea xeral.

O comité directivo celebrará sesión ordinaria cada mes, e extraordinaria cando así o decidan o presidente, ou catro ou máis membros do comité directivo con voz e voto no dito órgano.

Artigo 23º.-Convocatorias.

Correspóndelle ao presidente a convocatoria das sesións e a fixación da orde do día, tendo en conta, se é o caso, as propostas formuladas con suficiente antelación polos demais membros.

As sesións da assemblea xeral deberán convocarse con polo menos quince días naturais de antelación á data sinalada para a súa celebración.

As xuntanzas do comité directivo deberán convocarse polo menos con cinco días naturais de antelación.

En ambos os dous casos, o prazo da convocatoria poderá reducirse por razóns de urxencia justificadas polo presidente.

O anuncio da convocatoria deberá indicar a data da xuntanza, o lugar, a hora e todos os asuntos que se vaian tratar. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás no caso de que, tratándose dun suposto de urxencia e estando presentes todos os membros do órgano colexiado, a maioría decida a súa inclusión.

Nos supostos de convocatorias para a assemblea xeral, a dita convocatoria achegará a certificación emitida polo xerente do consorcio á que se fai referencia no artigo 10, a cal recollerá a relación de membros da assemblea xeral, e o número de votos de que dispón cada membro da assemblea.

A convocatoria haberá de achegar, así mesmo, a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, que deba de servir de base ao debate e, no seu caso, votación.

Artigo 24º.-Constitución.

Para a válida constitución da assemblea xeral en primeira convocatoria requirirase a asistencia de membros do consorcio que representen un terzo do número certificado de votos. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. Se non existe quórum entenderase convocada a xuntanza automaticamente á mesma hora dous días despois. Se daquela tampouco se consegue o quórum necesario, o presidente deixará sen efecto a convocatoria.

Para a válida constitución do comité directivo requirirase a maioría absoluta do número legal dos seus compoñentes con dereito a voto.

En todos os casos, requirirase a asistencia do presidente e do xerente, ou de quen legalmente os substitúa.

Artigo 25º.-Adopción de acordos.

Os acordos dos órganos colexiados do consorcio adoptaranse, salvo disposición en contrario, por maioría simple dos votos presentes. No suposto de producirse un empate, repetirase a votación, e se aquela persistise, decidirá o voto de calidade do presidente.

Requirirase o voto favorable das dúas terceiras partes do número certificado de votos da assemblea xeral para a disolución do consorcio e para a adopción do acordo de modificación dos estatutos.

Das sesións dos órganos do consorcio, levantarase a oportuna acta, na cal deberán constar os pormenores da convocatoria, representantes presentes, votos emitidos, un extracto das deliberacións e os acordos adoptados. As actas serán autorizadas polo xerente do consorcio, co visto e praxe do presidente ou, se é o caso, do vicepresidente/a.

CAPÍTULO VI. RÉXIME PATRIMONIAL E ECONÓMICO.

Artigo 26º.-Patrimonio do consorcio.

Constitúen o patrimonio do consorcio os bens e os dereitos que acheguen as entidades consorciadas e os bens, de carácter patrimonial, e dereitos que adquira ou reciba por calquera título.

Artigo 27º.-Recursos económicos.

A facenda do consorcio estará constituída polos seguintes recursos:

1. As achegas dos entes consorciados.
2. As rendas e produtos do patrimonio do consorcio.
3. As subvencións, auxilios, legados e doazóns que recibise de calquera entidade de ámbito supranacional, do Estado, da comunidade autónoma, dos municipios, ou de calquera outra entidade pública ou privada.
4. Os rendementos de calquera clase derivados da prestación de servizos e, en particular, os prezos públicos que se poidan, se é o caso, establecer.
5. Os rendementos de servizos e explotacións, e calquera outro ingreso que legalmente se poida obter.

Artigo 28º.-Achegas ao consorcio.

As achegas económicas sinaladas no artigo precedente, realizaranse na forma e prazos que determine a asemblea xeral. Estas achegas terán a consideración de pagamentos obrigatorios e de carácter preferente.

No caso de que algún dos entes consorciados incumprise as súas obrigas financeiras co consorcio, o comité directivo procederá a requirir o seu cumprimento. Se pasado o prazo dun mes desde o requirimento non se efectuasen as achegas previstas, o comité directivo, oído o ente afectado, poderá proceder a suspender a súa participación no consorcio cos efectos que no acordo de suspensión se determinen.

Artigo 29º.-Aprobación do orzamento e rendemento de contas.

Tanto o orzamento como as súas bases de execución e as contas, serán aprobadas anualmente pola asemblea xeral.

O réxime económico-financeiro do consorcio é o que establece a lexislación do réxime financeiro e orzamentario de Galicia, coas particularidades previstas nestes estatutos.

O control económico do consorcio realizarase de acordo co que establece a lexislación do réxime financeiro e orzamentario de Galiza. Con todo, o comité directivo establecerá o sistema de control interno de todos os actos e documentos dos cales se poidan derivar dereitos e obrigas de contido económico, de acordo coas disposicións que sobre a materia dite a Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 30º.-Instalacións.

Os convenios de incorporación do municipio ao consorcio, tanto no momento inicial de constitución do consorcio, como nas posteriores incorporacións, establecerán as condicións de entrada do municipio ao consorcio, entre elas, se é o caso, as referidas aos requisitos que deberán cumprir as instalacións e condicións en que se vaian prestar os diferentes servizos, así como a previsión da necesidade de levar a cabo obras de construción, reforma, adaptación ou mellora das existentes.

CAPÍTULO VII. RÉXIME DE PERSOAL.

Artigo 31º.-Réxime xurídico.

O consorcio seleccionará o seu persoal propio mediante convocatoria pública na cal se garantirán os principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade. O persoal así seleccionado vincularase ao Consorcio con suxeición ás modalidades vixentes da lexislación laboral. Corresponde ao comité directivo aprobar o cadro de persoal.

CAPÍTULO VIII.

INCORPORACIÓN E SEPARACIÓN DE MUNICIPIOS.

Artigo 32º.-Incorporación.

Para a incorporación ao consorcio dun novo municipio será necesario:

a) A solicitude da entidade interesada. A decisión de incorporación do municipio será adoptada no Pleno corporativo polas maiorías legalmente establecidas. No dito acordo, aprobaranse e aceptaranse os estatutos do consorcio e as condicións fixadas por este para a súa incorporación.

b) A aprobación do comité directivo. No convenio de incorporación deberán quedar reflectidas as condicións particulares que se fixen para a integración.

A incorporación de novos membros no consorcio publicárase no *Diario Oficial de Galicia* e no boletín oficial da provincia respectiva.

Artigo 33º.-Separación voluntaria.

A separación dalgún membro do consorcio só poderá realizarse cando se atope ao corrente no cumprimento das obrigas e compromisos anteriores e garanta o cumprimento das obrigas pendentes.

A vontade de separación pola entidade consorciada deberá manifestarse polo menos cun ano de antelación.

O comité directivo procederá a designar unha comisión liquidadora que, atendendo ás posibles perturbacións nas actividades do consorcio que a dita separación pode producir, propondrá ao comité directivo as condicións e efectos da separación.

O comité directivo, oída a proposta da comisión liquidadora, aprobará a separación do ente consorciado nas condicións e cos efectos que no dito acordo se determinen, notificándoselle á entidade interesada para efectos da súa aprobación por ela.

Artigo 34º.-Separación obrigatoria.

Cando a xuízo do comité directivo ou da assemblea xeral do consorcio, algún ente consorciado incumprise grave e reiteradamente as obrigas establecidas nas leis ou nos estatutos, poderase acordar, logo da incoación do oportuno expediente e posterior liquidación, a separación do dito ente do consorcio, mediante acordo favorable da maioría absoluta da assemblea xeral.

CAPÍTULO IX MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS.

Artigo 35º.-Modificación dos estatutos.

Os presentes estatutos poderán ser modificados por iniciativa do presidente, do comité directivo, ou dos membros da asemblea xeral que representen máis dun terzo dos votos da dita asemblea.

Constituída a asemblea xeral en sesión extraordinaria, procederase á aprobación por maioría das dúas terceiras partes do número certificado de votos, logo da achega de cantos informes se considerase oportuno solicitar.

A modificación dos estatutos así aprobada notificaráselles a todas as entidades integradas no consorcio, para a súa aprobación en sesión plenaria, e se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e no boletín oficial das provincias respectivas.

CAPÍTULO X DISOLUCIÓN DO CONSORCIO.

Artigo 36º.-Causas.

A disolución do consorcio terá lugar:

1. Cando por calquera circunstancia non se pudiesen cumprir os fins para os que se constituíu.
2. Por disposición legal.
3. Cando así o acorde a asemblea xeral por maioría de dúas terceiras partes.
4. Por fusión, absorción ou integración noutro ente público ou privado, cuxas competencias sexan concurrentes coas do consorcio, acordada pola asemblea xeral.

Artigo 37º.-Procedemento.

No prazo de trinta días desde a recepción do acordo ou proposta de disolución, o comité directivo constituirase en comisión liquidadora, na cal se integrará o xerente e tres técnicos designados polo presidente para cumprir funcións de asesoría. Poderá, igualmente, o presidente, convocar ás reunións a técnicos ou peritos na materia para os únicos efectos de escoitar a súa opinión e preparar informes ou ditames en temas concretos da súa especialidade.

A comisión liquidadora, nun prazo non superior a catro meses, efectuará un inventario dos bens e dereitos do consorcio, sinalará os recursos, cargas e débitos, e relacionará o seu persoal.

Á vista do inventario, a comisión liquidadora propondrá á asemblea xeral a distribución e integración dos bens, dereitos e débitos entre as entidades consorciadas, na mesma proporción que a establecida para a fixación das achegas ao consorcio. Para tal efecto, a comisión liquidadora sinalará un calendario de actuacións liquidadoras.

A proposta de liquidación deberá ser aprobada pola asemblea xeral, e será vinculante para todas as entidades consorciadas.

A disolución do consorcio comporta a extinción da relación laboral do persoal ao seu servizo.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Os presentes estatutos entrarán en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro. Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bo fin deste acordo e, en particular, para a subscripción dos documentos pertinentes para a formalización e desenvolvemento da incorporación ó Consorcio.

Cuarto. Designar como representante deste Concello nos órganos reitores do Consorcio ó Sr. Alcalde-Presidente Don Eulogio Fernández Sampayo.